



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 36 · Mércores, 14 febreiro 2018

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Cobranza da taxa pola subministración de auga, canon, depuración, sumidoiros, taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos de varios anos dos municipios que se relacionan	2
Bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2018.....	3

IV. ENTIDADES LOCAIS

Cartelle

Exposición pública do padrón da taxa de abastecemento e saneamento do 4º trimestre de 2017.....	21
---	----

Consortio Provincial contra Incendios e Salvamento de Ourense

Formalización do contrato para a subministración dun vehículo furgón de servizos varios (FSV) dotado de equipamento de excarceración para o Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo contra Incendios e de Salvamento, expediente: 1-CIS-2017	21
---	----

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Xulgado do Social n.º 2 de Ourense

Citación a María Luísa Martínez Merino para actos de conciliación e xuízo, no procedemento seguridade social 836/2017	22
---	----

Xulgado do Social n.º 4 de Ourense

Citación para actos de conciliación e xuízo a Construcciones Boalva, SL, e a outros, nos autos n.º 911/2017.....	23
--	----

Xulgado do Social n.º 5 de Madrid

Notificación de auto do 2.11.2017, a Zebra Limpieza, SL, no procedemento execución 141/2017	24
---	----

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

<i>Cobro de la tasa por la suministración de agua, canon, depuración, alcantarillado, tasa por la recogida de residuos sólidos urbanos de varios años de los municipios que se relacionan.....</i>	<i>2</i>
<i>Bases reguladoras de la convocatoria del concurso público para la concesión de subvenciones para gastos de inversión de asociaciones vecinales de Ourense correspondientes al ejercicio 2018</i>	<i>12</i>

IV. ENTIDADES LOCALES

Cartelle

<i>Exposición pública del padrón de la tasa de abastecimiento y saneamiento del 4º trimestre de 2017</i>	<i>21</i>
--	-----------

Consortio Provincial contra Incendios e Salvamento de Ourense

<i>Formalización del contrato para el suministro de un vehículo furgón de servicios varios (FSV) dotado de equipamiento de excarceración para el Consorcio Provincial de Ourense para el Servicio contra Incendios y de Salvamento, expediente: 1-CIS-2017</i>	<i>22</i>
--	-----------

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Juzgado de lo Social n.º 2 de Ourense

<i>Citación a María Luísa Martínez Merino para actos de conciliación y juicio, en el procedimiento seguridad social 836/2017.....</i>	<i>23</i>
---	-----------

Juzgado de lo Social n.º 4 de Ourense

<i>Citación para actos de conciliación y juicio a Construcciones Boalva, SL, y a otros, en los autos n.º 911/2017</i>	<i>23</i>
---	-----------

Juzgado de lo Social n.º 5 de Madrid

<i>Notificación de auto de 2.11.2017, a Zebra Limpieza, SL, en el procedimiento ejecución 141/2017</i>	<i>24</i>
--	-----------



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Cobranza da taxa pola subministración de auga, canon, depuración, sumidoiros, taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos de varios anos dos municipios que se relacionan.

En exercicio das facultades delegadas polos concellos que se relacionan e asumidas por esta Corporación Provincial para a xestión tributaria e recadatoria, publícase e ponse en coñecemento dos contribuíntes e demais interesados o seguinte:

1.- Cobranza de tributos en período voluntario: de conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, anúnciase a cobranza en período voluntario, co seguinte detalle:

a) Tributo a cobranza:

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga: Bande 4º trimestre de 2017, O Bolo, 1º trimestre de 2016, A Gudiña 1º trimestre de 2017, Lobios 4º trimestre de 2017, Padrenda 4º trimestre de 2017, Piñor 1º semestre de 2017, Trasmiras 3 e 4º trimestre de 2015.

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, sumidoiros: A Bola 4º trimestre de 2017.

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, depuración: Verea 4º trimestre de 2017.

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, vertidos: Esgos 4º trimestre de 2017.

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, residuos sólidos urbanos: Larouco 3º trimestre de 2017.

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, sumidoiros, depuración, conservación de contadores: Castrelo de Miño 4º trimestre de 2017.

- Taxa pola depuración de augas residuais: O Barco de Valdeorras, Petín, A Rúa e Rubiá do 2º trimestre de 2017.

b) Prazo de pagamento en voluntaria: a cobranza en período voluntario terá lugar desde o día 9 de febreiro de 2017 ao 13 de abril de 2018.

c) Lugar e forma de pagamento: os contribuíntes recibirán no seu domicilio os impresos dos recibos-resguardo de pagamento, que deberán aboar en calquera oficina de Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, BBVA, Banco Santander, Banco Sabadell-Gallego, Caixabank (entidades colaboradoras) no prazo antes mencionado do 9 de febreiro de 2017 ao 13 de abril de 2018, en días hábiles, no horario establecido polas entidades. Se algún contribuínte non recibe no seu domicilio os referidos impresos, poderá solicitar duplicado nas oficinas de recadación desta deputación, e advírtese de que o feito de non recibiren os impresos non exime da obrigaçión de efectuar o pagamento no prazo mencionado, sempre que figure como contribuínte nas listas cobratorias. Para a validez do pagamento, os impresos deben estar referendados por impresión mecánica ou sinatura autorizada da correspondente oficina da entidade bancaria.

2.- Padróns e listas cobratorias

Por decreto desta Presidencia do día da data aprobáronse os padróns e listas cobratorias dos mencionados tributos, que comprende os suxeitos pasivos, o feito imponible e a débeda tributaria, quedando expostos ao público os devanditos documentos nos respectivos concellos e nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación desta Deputación, durante o prazo de 1 mes a partir da publicación desta anuncio no BOP, para exame e alegacións ou reclamacións que se estimen pertinentes, servindo este anuncio de notificación colectiva dos referidos tributos de cobro periódico por recibo, conforme ao artigo 102.3 da Lei xeral tributaria.

3.- Recursos

Ademais das alegacións ou reclamacións antes mencionadas, contra os datos das listas cobratorias e liquidación tributaria dos referidos tributos, os interesados poden formular un recurso de reposición ante esta Presidencia, no prazo de 1 mes desde a publicación deste anuncio, de conformidade do disposto nos artigos 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido la Lei reguladora das facendas locais; contra a desestimación expresa ou tácita do recurso de reposición, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, nos prazos e condicións regulados na Lei da xurisdición contencioso-administrativa, o recurso de reposición formularase de forma preceptiva previamente á interposición do recurso contencioso-administrativo, e a súa presentación non suspenderá a tramitación e os actos recadatorios, agás que o acorde o órgano competente con suxeición ao procedemento establecido.

Respecto á repercusión do canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Xunta de Galicia no prazo de 1 mes desde a publicación deste anuncio de conformidade co establecido no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

4.- Procedemento de constrinximento

Advírtese que os recibos non aboados no prazo de pagamento en voluntaria incorrerán na recarga de constrinximento do 20% , 10% ou o 5% segundo proceda, xuros de demora e custas do procedemento, de ser o caso, procedéndose á súa cobranza por vía executiva, conforme aos artigos 28 e seguintes da Lei xeral tributaria e concordantes do Regulamento xeral de recadación.

Respecto ao canon da auga, advírtese que a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia deste directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento, pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

5.- Información ao contribuínte

Os interesados poden solicitar a información que necesiten dos concellos respectivos nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación desta Deputación, rúa Cruz Vermella de Ourense, en días hábiles e horario de oficina, ou chamando aos teléfonos 988 385 192, 988 385 193, 988 385 194.

Ourense, 1 de febreiro de 2018. O vicepresidente (Por delegación Decreto 16/07/2015).

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

Diputación Provincial de Ourense

Cobro de la tasa por la subministración de agua, canon, depuración, alcantarillado, tasa por la recogida de residuos sólidos urbanos de varios años de los municipios que se relacionan.

En exercicio de las facultades delegadas por los ayuntamientos que se relacionan y asumidas por esta Corporación Provincial para la gestión tributaria y recaudatoria, se publica y se pone en conocimiento de los contribuyentes y demás interesados lo siguiente:

1.- Cobro de tributos en período voluntario: de conformidad con lo dispuesto en el artículo 24 del Reglamento General de Recadación, se anuncia el cobro en período voluntario, con el siguiente detalle:

a) Tributo al cobro:

- Tasa por el suministro de agua, canon del agua: Bande 4º trimestre de 2017, O Bolo 1º trimestre de 2016, A Gudiña 1º trimestre de 2017, Lobios 4º trimestre de 2017, Padrenda 4º trimestre de 2017, Piñor 1º semestre de 2017, Trasmiras 3 e 4º trimestre de 2015.

- Tasa por el suministro de agua, canon del agua, alcantari-lado: A Bola 4º trimestre de 2017.

- Tasa por el suministro de agua, canon del agua, depuración: Verea 4º trimestre de 2017.

- Tasa por el suministro de agua, canon del agua, vertidos: Esgos 4º trimestre de 2017.

- Tasa por el suministro de agua, canon del agua, residuos sólidos urbanos: Larouco 3º trimestre de 2017.

- Tasa por el suministro de agua, canon del agua, alcantari-lado, depuración, conservación de contadores: Castrelo de Miño 4º trimestre de 2017.

- Tasa por la depuración de aguas residuales: O Barco de Valdeorras, Petín, A Rúa y Rubiá del 2º trimestre de 2017.

b) Plazo de pago en voluntaria: el cobro en período voluntario tendrá lugar desde el día 9 de febrero de 2018 a 13 de abril de 2018.

c) Lugar y forma de pago: los contribuyentes recibirán en su domicilio los impresos de los recibos-resguardo de pago, que deberán abonar en cualquier oficina de Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, BBVA, Banco Santander, Banco Sabadell-Gallego, Caixabank (entidades colaboradoras) en el plazo antes mencionado del día 9 de febrero de 2018 a 13 de abril de 2018, en días hábiles, en horario de caja. Si algún contribuyente no recibe en su domicilio los referidos impresos, podrá solicitar duplicado en las oficinas de recaudación de esta diputación, y se advierte de que el hecho de no recibir los impresos no exime de la obligación de efectuar el pago en el plazo mencionado, siempre que figure como contribuyente en las listas cobratorias. Para la validez del pago los impresos deben estar refrendados por impresión mecánica o firma autorizada de la correspondiente oficina de la entidad bancaria.

2.- Padrones y listas cobratorias: por decreto de esta Presidencia del día de la fecha se aprobaron los padrones y listas cobratorias de los mencionados tributos, que comprende los sujetos pasivos, el hecho imponible y la deuda tributaria, quedando expuestos al público dichos documentos en los respectivos ayuntamientos y en las oficinas del Servicio Municipal de Recaudación de esta Diputación, durante el plazo de un mes a partir de la publicación de este anuncio en el BOP, para examen y alegaciones o reclamaciones que se estimen pertinentes, sirviendo este anuncio de notificación colectiva de los referidos tributos de cobro periódico o recibo, conforme al artículo 102.3 de la Ley General Tributaria.

3.- Recursos:

Además de las alegaciones o reclamaciones ante mencionadas contras los datos de las listas cobratorias y liquidación tributaria de los referidos tributos, los interesados pueden formular un recurso de reposición ante esta Presidencia, en el plazo de 1 mes desde la publicación de este anuncio, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales; contra la desestimación expresa o tácita del recurso de reposición, podrá interponer un recurso contencioso-administrativo, en los plazos y condiciones reguladas en la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, el recurso de reposición se formulará de forma

preceptiva previamente a la interposición del recurso contencioso-administrativo, y su presentación no suspenderá la tramitación y los actos recaudatorios, excepto que lo acuerde el órgano competente con sujeción al procedimiento establecido.

Respecto a la repercusión del canon del agua, podrá ser objeto de reclamación económico-administrativa ante el órgano económico-administrativo de la Xunta de Galicia en el plazo de 1 mes desde la publicación de este anuncio de conformidad con lo establecido en el artículo 49.7 del Decreto 136/2012, de 31 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento del Canon del Agua y del Coeficiente de Vertido a Sistemas Públicos de Depuración de Aguas Residuales.

4.- Procedimiento de apremio

Se advierte que los recibos no abonados en el plazo de pago en voluntaria incurrirán en recargo de apremio del 20%, 10% o 5%, según proceda, intereses de demora y costas del procedimiento, en su caso, procediéndose a su cobro por vía ejecutiva, conforme a los artículos 28 y siguientes de la Ley General Tributaria y concordantes del Reglamento General de Recaudación.

Respecto al canon del agua, se advierte de que la falta de pago en el período voluntario señalará la exigencia del mismo directamente al contribuyente por la vía de apremio, por la Consellería competente en materia de hacienda de la Xunta de Galicia, de conformidad con lo establecido en el artículo 49.7 del Decreto 136/2012, de 31 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento del Canon del Agua y del Coeficiente de Vertido a Sistemas Públicos de Depuración de Aguas Residuales.

5.- Información al contribuyente

Los interesados pueden solicitar la información que necesiten de los ayuntamientos respectivos en las oficinas del Servicio Municipal de Recaudación de esta Diputación, calle Cruz Roja de Ourense, en días hábiles y horario de oficina, o llamando al teléfono 988 317 720.

Ourense, 1 de febrero de 2018. El vicepresidente (Por delegación Decreto 16/07/2015).

Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

R. 432

Deputación Provincial de Ourense

Anuncio

A Xunta de Goberno desta Deputación acordou, na sesión que tivo lugar o día 2 de febreiro de 2018, aprobar as seguintes:

Bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2018.

Para cumprir o devandito acordo, publícase, deseguido, o texto íntegro das mencionadas bases:

Primeira.- Obxecto:

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións ás asociacións veciñais de Ourense, coa finalidade de financiar os seus gastos de investimento correspondentes ao exercicio 2018.

Segunda.- Beneficiarios:

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións as asociacións veciñais que reúnan os seguintes requisitos na data de publicación no Boletín Oficial da Provincia da convocatoria regulada nestas bases:



a) Estar inscritas no Rexistro Provincial de Asociacións de Ourense, dependente da Xunta de Galicia.

b) Ter o seu domicilio social na provincia de Ourense, circunstancia que deberá constar na inscrición no rexistro da Xunta de Galicia.

2. Para os efectos destas bases, consideraranse asociacións veciñais as asociacións cuxos fins sexan a defensa, en xeral, dos dereitos e intereses dos veciños dun determinado ámbito territorial.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 78900/92412 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 100.000,00 euros.

Cuarta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

Cuarta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscrias polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16 da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación poderá realizarse por calquera dos seguintes medios:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial, nas oficinas de asistencia de calquera outra administración pública, nas oficinas das representacións diplomáticas ou consulares de España ou nas oficinas de correos.

b) De forma telemática, mediante a presentación en documento electrónico da solicitude e da documentación anexa, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>) ou no rexistro electrónico de calquera outra entidade do sector público.

Cuarta 2. Prazo de presentación:

O prazo improrrogable de presentación iníciarase a partir da publicación, pola Base de datos Nacional de Subvencións, do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e rematará o 15 de marzo de 2018, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Cuarta. 3. Documentación que debe presentarse:

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, se admitirá a presentación de copias simples.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa:

a.1) Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases, na que se inclúe unha declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

a.2) Estatutos sociais da entidade.

a.3) Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os estatutos sociais da entidade (apartado a.2) e o poder co que actúe o representante da entidade (apartado a.3) cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

a.4) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións públicas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, segundo o modelo anexo II.

a.5) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo III.

A presentación do documento sinalado no apartado a.5) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso e á emenda de deficiencias na xustificación, publicándose a información correspondente exclusivamente a través da páxina web (e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento), conforme co sinalado nas bases 6ª e 9ª e 10ª, respectivamente.

a.6) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante, o CIF da entidade e o certificado de inscrición no Rexistro Provincial de Asociacións de Ourense da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social da entidade en Ourense, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente,

concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación obrigatoria para a valoración da solicitude: Para a valoración da solicitude, deberá presentarse a seguinte documentación:

1. Memoria descritiva do investimento proxectado, incluíndo o seu orzamento e a súa finalidade, que deberá estar comprendida no obxecto social da asociación. No caso de que a execución do investimento esixa a elaboración de proxecto técnico, presentarse un proxecto básico asinado por facultativo competente.

2. Certificación do secretario da asociación, co visto e prace do presidente, na que conste o seu número de socios.

Advirtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándose a concesión da subvención, aquelas solicitudes nas que non se acheguen os documentos sinalados. Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

Cuarta 4: Regras de presentación en papel da documentación esixible:

Cando os interesados presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outra entidade do sector público ás que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como en representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España. A oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia electrónica auténtica destes, que se lle remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveránselle no acto ao interesado, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Alternativamente, poderán presentar a documentación en papel nunha oficina de correos, que procederá á súa dixitalización e envío electrónico á Deputación a través do servizo de rexistro virtual electrónico coa administración (ORVE) de Correos, procedéndose do mesmo xeito indicado no parágrafo anterior.

Cuarta 5: Regras de presentación telemática da documentación esixible:

Cando os interesados opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

a) Deberán cubrir a solicitude e os anexos I, II e III que estarán dispoñibles na sede electrónica. Non é obrigatorio, non obstante, cubrir o anexo III, pero en caso de non presentarse non se formulará ningunha comunicación individual ao interesado durante o procedemento.

b) Unha vez cubertos a solicitude e todos os anexos, así como achegada o resto de documentación, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarta 6: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto

do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Quinta.- Gastos subvencionables:

Consideraranse subvencionables todos os gastos de capital propios da asociación veciñal que correspondan ao exercicio 2018, debendo ter sido contraída a obrigaición correspondente e emitida a oportuna factura dentro deste exercicio.

Terán a consideración de gastos de capital todos os que supoñan un incremento do patrimonio da asociación, tales como obras de calquera clase, adquisición de inmobles ou adquisición de bens mobles de carácter inventariable.

En todo caso, consideraranse excluídos os seguintes gastos:

a) Os gastos correntes de calquera clase.

b) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.

c) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.

d) Xuros debedores de contas bancarias.

e) A adquisición de vehículos ou semoventes.

f) A adquisición de valores mobiliarios ou participacións en sociedades de capital ou fondos de investimento de calquera clase.

g) Calquera gasto que sexa obxecto de subvención por parte doutra administración pública.

Sexta.- Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advirtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación obrigatoria para a valoración da solicitude referida no apartado 3.b) da base 4ª.

Para a achega desta documentación emendando a documentación administrativa poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo IV destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2018.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiralle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás solicitudes para as que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.



b) Con respecto ao resto de solicitudes, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base oitava.

A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante anuncio na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2018.

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base cuarta, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerárase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 9ª.

Sétima.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: O deputado delegado en materia de facenda.
- Vogais:
 - O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
 - A xefa da Sección de Subvencións da Deputación, ou funcionario que legalmente a substitúa.

Actuará como secretaria da comisión a xefa do Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Oitava.- Criterios de valoración para a concesión das subvencións:

1. As solicitudes admitidas a trámite avaliaranse segundo os dous indicadores xerais seguintes:

- a) Número total de socios da asociación veciñal: asignaráselle 30 puntos á asociación cun maior número de socios, puntuándose o resto en proporción directa.
- b) Importe do investimento. Asignaráselle 50 puntos á solicitude que presente un maior orzamento de investimento, puntuándose o resto en proporción.

2. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito orzamentario destinado á convocatoria entre o número total de puntos sumados polos solicitantes.

3. A subvención que corresponda a cada solicitante determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta as seguintes regras:

- a) Ningunha entidade poderá recibir subvención por importe superior ao 100% do investimento total previsto.
- b) Ningunha entidade poderá recibir subvención para gastos xa subvencionados por outras administracións públicas.
- c) Ningunha entidade poderá obter unha subvención superior a 12.000 euros.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible.

Nos supostos en que, debido ao volume de solicitudes, a contía das subvencións resultantes se estime desproporcionadamente baixa, a comisión, motivadamente, poderá establecer un límite mínimo de puntuación de ata 20 puntos, como máximo, denegándose as solicitudes que non acaden a puntuación mínima fixada.

Novena.- Resolución:

A proposta definitiva da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de catro meses dende o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso lle solicitará á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta en prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención concedida, entendéndose que a aceptan de xeito incondicional e sen ningún tipo de reserva en caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. No caso de rexeitamento, solicitarase da Comisión de Valoración a formulación de nova proposta para a aplicación dos remanentes producidos, seguindo as regras establecidas na base 8ª.

Décima.- Publicidade da concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2018.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base cuarta, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertíndolles da publicación da resolución na páxina web <http://www.depourense.es>. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Undécima.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento, debendo realizar como mínimo a seguinte medida de difusión:

- No caso de adquisición de inmobles, colocación nun sitio visible dunha placa permanente cunha alusión ao financiamento recibido da Deputación Provincial de Ourense, consistente

na lenda “Inmable adquirido co financiamento da Deputación de Ourense”.

- No caso de realización de obras en inmobles, colocación nun sitio visible dunha placa permanente cunha alusión ao financiamento recibido da Deputación Provincial de Ourense, consistente na lenda “Local acondicionado co financiamento da Deputación de Ourense”.

- No caso de investimentos consistentes en equipamento de locais, colocación nun sitio visible dunha placa permanente cunha alusión ao financiamento recibido da Deputación Provincial de Ourense, consistente na lenda “Local equipado co financiamento da Deputación de Ourense”.

O custe das placas publicitarias poderá incluírse no orzamento do proxecto para o que se solicita a subvención.

Nos casos en que, dada a índole do investimento subvencionado, resulte dubidosa a forma de realizar a publicidade da subvención, o beneficiario solicitaralle por escrito á Presidencia da Deputación que se lle indique o modo concreto de cumprir esta obriga.

Décimo segunda.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada polos seguintes documentos:

a) Memoria descritiva da actuación realizada.

b) Relación clasificada dos gastos de investimento executados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de aboamento. De ser o caso, indicáranse as desviacións producidas verbo do orzamento presentado coa solicitude.

c) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados b) e c) indicáranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

d) Facturas xustificativas dos gastos (ordinarias ou simplificadas, de proceder estas últimas) en orixinal, duplicado ou copia simple.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificárase mediante recibín asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) acompañado do xustificante de pago a través de entidade bancaria e, se é o caso, do documento de ingreso a favor da administración tributaria do importe retido en concepto de IRPF; excluírse a xustificación por non cumprir coas obrigas fiscais.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

e) Acreditación das medidas de difusión adoptadas mediante a presentación de fotos nas que se observe claramente o emprazamento da placa.

f) No suposto de actuacións para as que se esixa a obtención previa de licenza municipal ou autorización sectorial, deberá achegarse coa xustificación unha copia da licenza ou autorización concedida ou certificación do seu outorgamento, como requisito indispensable para a xustificación da subvención.

g) No caso de adquisición de inmobles, documento público de adquisición.

h) Detalle doutras subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

i) Certificación de conta bancaria da entidade expedida polo banco ou caixa correspondente.

Nos supostos en que o proxecto se modificase durante a súa execución, considerarase validamente xustificada a subvención, sempre que o obxecto do proxecto manteña a súa condición de subvencionable conforme co establecido nestas bases. Neste caso, a asociación deberá achegar, previa ou simultaneamente ao trámite de xustificación, o documento onde se reflecta e xustifique o contido da dita modificación.

